

Convocatoria da sesión ordinaria do Pleno da Corporación Provincial para o día 25 de abril de 2025.

De conformidade co acordado polo Pleno da Deputación Provincial na sesión extraordinaria de organización do 3 de agosto de 2023, durante o mandato 2023-2027 o Pleno debe realizar sesión ordinaria cunha periodicidade mensual.

Polo exposto, **DISPÓÑO:**

Convocar a sesión **ordinaria** do Pleno da Corporación Provincial, nos seguintes termos:

DÍA: 25 de abril de 2025

HORA: 10:00 horas en primeira convocatoria*

LUGAR: Salón de Plenos do Pazo Provincial

* Se na primeira convocatoria non existise o quórum necesario, segundo o disposto no número anterior, entenderase convocada a sesión automaticamente dous (2) días despois.

A orde do día da sesión será a seguinte:

1. 2025/4Z/PLENO PRESIDENCIA

Aprobación da acta da sesión anterior correspondente á ordinaria do día 28 de marzo de 2025.

2. 2025/11939K PRESIDENCIA

Delegación na Deputación Provincial do exercicio das competencias de recadación en vía executiva e revisión de actos de tributos e outros ingresos de dereito público do Concello de Nogueira de Ramuín.

3. 2025/11943W PRESIDENCIA

Delegación na Deputación Provincial do exercicio das competencias de xestión, liquidación e recadación en voluntaria e executiva e revisión de actos de tributos e outros ingresos de dereito público do Concello de Sandiás.

4. 2025/12948H PRESIDENCIA

Modificación orzamentaria, autorización de suplemento de crédito e modificación da base 5 do orzamento do INORDE.

5. 2025/12713J PRESIDENCIA

Aprobación do expediente número 2/2025 de modificación de créditos orzamentarios consistente na concesión de suplementos de créditos, créditos extraordinarios do Orzamento vixente da Deputación Provincial de Ourense, financiados co remanente líquido de tesourería para gastos xerais que se desprende da liquidación do orzamento do exercicio 2024.

6. 2025/12714Z PRESIDENCIA

Aprobación do expediente número 3/2025 de modificación de créditos orzamentarios consistente na concesión de suplementos de créditos, créditos extraordinarios e da modificación do anexo IV das bases de execución do Orzamento vixente da Deputación Provincial de Ourense, financiado con cargo ao remanente de tesourería para gastos xerais que se desprende da liquidación do orzamento do exercicio 2024.

7. 2025/12715S PRESIDENCIA

Aprobación do expediente número 4/2025 de modificación de créditos orzamentarios consistente na concesión de créditos extraordinarios e da modificación do Anexo IV das Bases de execución do Orzamento vixente da Deputación Provincial de Ourense, financiados con cargo ao remanente líquido de tesourería para gastos xerais que se desprende da liquidación do orzamento do exercicio 2024.

8. 2025/13098F PRESIDENCIA

Aprobación do Plan económico - financeiro da Deputación provincial de Ourense para o cumprimento da regra de gasto con motivo da liquidación do Orzamento consolidado do exercicio 2024.

9. 2025/1606Z PRESIDENCIA

Ratificación do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias e as deputacións provinciais da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para o desenvolvemento dos Grupos de Emerxencia Supramunicipais (GES) para o período 2025-2027.

10. 2025/12872B PRESIDENCIA

Moción de Democracia Ourensana para reclamar unha definición clara das competencias dos concellos e un financiamento xusto, especialmente no medio rural e nos servizos sociais.

11. 2025/12965N PRESIDENCIA

Moción do Grupo Socialista para a adopción dun plan de prevención e control da lexiónela en colaboración cos concellos da provincia.

12. 2025/12962D PRESIDENCIA

Moción do Grupo Socialista para a adopción dun plan integral contra a silicose na provincia de Ourense.

13. 2025/12996C PRESIDENCIA

Moción do Grupo Popular para a mellora da atención e integración do colectivo inmigrante na provincia, con especial atención á poboación venezolana.

14. 2025/13015Q PRESIDENCIA

Moción do BNG sobre a explotación dos recursos naturais e minerais de Ourense.

15. ASUNTOS DE URXENCIA.

16. COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

- Dación de conta da relación de decretos do mes de marzo de 2025.

17. ROGOS E PREGUNTAS.

Así o dispón e o asina o Sr. presidente, en Ourense, na data que consta na sinatura electrónica desde documento. Dou fe.

